

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A CORUÑA

Área de Facenda e Administración

Servizo de Xestión Tributaria. Departamento de Facenda e Xestión de Tributos

Aprobación inicial da modificación de ordenanzas

ANUNCIO

APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DAS ORDENANZAS REGULADORAS DE PRESTACIÓNS PATRIMONIAIS DE CARÁCTER PÚBLICO NON TRIBUTARIAS POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE SUBMINISTRO E UTILIZACIÓN DE AUGA POTABLE E SERVIZOS AUXILIARES, E POLO SERVIZO DE DEPURACIÓN E SANEAMENTO, MODIFICACIÓN DAS ORDENANZAS FISCAIS N.º 1, 4, 6, 7, 9, 10, 11, 25, 28, 31 E 54, ASÍ COMO APROBACIÓN INICIAL DOS ACORDOS DE IMPOSICIÓN E ORDENACIÓN DE CONTRIBUCIÓNS ESPECIAIS PARA A AMPLIACIÓN DO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS DO CONCELLO DA CORUÑA

O Concello Pleno, na sesión celebrada o día 7 de novembro de 2019, acordou aprobar inicialmente, a modificación das seguintes ordenanzas:

- Modificación para o ano 2020 da Ordenanza reguladora da prestación patrimonial de carácter público non tributaria polo subministro e utilización de auga potable e servizos auxiliares no termo municipal da Coruña.
- Modificación para o ano 2020 da Ordenanza reguladora da prestación patrimonial de carácter público non tributaria polo servizo de depuración e saneamento no termo municipal da Coruña.
- Modificación para o ano 2020 da Ordenanza fiscal n.º 1, reguladora da taxa por tramitación ou expedición de documentos administrativos.
- Modificación para o ano 2020 da Ordenanza fiscal n.º 4, reguladora da taxa pola intervención municipal nas comunicacións previas, declaracións responsables e no outorgamento de licenzas de apertura de establecementos.
- Modificación para o ano 2020 da Ordenanza fiscal n.º 6, reguladora da taxa por prestación do servizo de recollida e tratamento de lixo e residuos sólidos urbanos
- Modificación para o ano 2020 da Ordenanza fiscal n.º 7, reguladora da taxa por prestación do servizo de rede de sumidoiros.
- Modificación para o ano 2020 da Ordenanza fiscal n.º 9, reguladora da taxa de cemiterios municipais condución de cadáveres e outros servizos fúnebres
- Modificación para o ano 2020 da Ordenanza fiscal n.º 10, reguladora da taxa por prestación de servizos de sanidade preventiva, relacionados con animais de compañía e outros servizos de prevención.
- Modificación para o ano 2020 da Ordenanza fiscal n.º 11, reguladora da taxa por outorgamento de licenza de primeira ocupación
- Modificación para o ano 2020 da Ordenanza fiscal n.º 25, reguladora da taxa por entrada de vehículos dende a vía pública aos edificios, locais e soares e das reservas de vía pública para aparcamento, carga, descarga e outras actividades en interese particular.
- Modificación para o ano 2020 da Ordenanza fiscal n.º 28, reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público por mesas e cadeiras, tribunas, elementos auxiliares, taboados e outros elementos análogos con finalidade lucrativa.
- Modificación para o ano 2020 da Ordenanza fiscal n.º 31, reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público con postos, barracas, casetas de venda, espectáculos, atraccións ou recreo, así como industrias da rúa e ambulantes e rodaxe cinematográfica.
- Modificación para o ano 2020 da Ordenanza fiscal n.º 54, reguladora do imposto sobre actividades económicas.

Así mesmo acordou tamén aprobar provisionalmente a imposición e ordenación de contribucións especiais para a ampliación do servizo de extinción de incendios do Concello da Coruña.

Os acordos provisionais estarán exposto ao público durante o prazo de trinta días hábiles, mediante edito publicado no taboleiro de anuncios do Concello, coa finalidade de que os interesados poidan examinar o expediente e presenten as reclamacións que estimen oportunas, de conformidade co disposto no artigo 17 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e no artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. De non presentarse reclamacións no citado prazo, os acordos provisionais elevaranse automaticamente a definitivos e procederase á publicación do texto íntegro das ordenanzas.

Os expedientes administrativos están posto a disposición dos interesados, para o seu exame, no Servizo de Xestión Tributaria do Concello da Coruña - Rúa da Franja n.º 20 e no taboleiro de edictos da sede electrónica do Concello <https://sede.coruna.gob.es>

A Coruña, 7 de novembro de 2019.

O director de Economía, Facenda e Réxime Interior

Manuel Ángel Jove Losada

2019/9009